XUNTA DE GALICIA
VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA
Secretaría Xeral Técnica

Edif.Adtvo. San Caetano, s/n
15781 Santiago de Compostela
Tlf.: 981 544 513 Fax: 981 544 601

galicia

Memoria sobre as alegacións recibidas

MEMORIA SOBRE AS ALEGACIÓNS PRESENTADAS AO ANTEPROXECTO DE LEI DE CREACIÓN DO COLEXIO OFICIAL DE TERAPEUTAS OCUPACIONAIS DE GALICIA.

1. En data 20-1-2016 ante a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, mediante escrito subscrito pola Presidenta da Asociación Profesional de Terapeutas Ocupacionales de Sanidad y Seguridad Social de Galicia, formalizouse a solicitude de aprobación da Lei de creación do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia, xunto cos acordos adoptados pola asemblea xeral de asociados e memoria xustificativa da creación do dito colexio.

2. No Diario Oficial de Galicia do 4 de marzo do 2016, publicouse o *ANUNCIO do 23 de Febreiro de 2016, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, polo que se acorda someter a información pública o anteproxecto da Lei de creación* do Colexio Oficial de Terapeutas Ocupacionais de Galicia.

3. 0 texto do anteproxecto de Lei publicouse na páxina web da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, aos efectos de información pública e presentación de suxestións no prazo de 15 días hábiles contados desde o día 23 de febreiro de 2016, non presentándose alegacións a estes efectos.

4. En data 31-3-2016, en trámite de audiencia remitiuse o texto do anteproxecto de Lei ás secretarías xerais técnicas de todas as consellerías e Secretaría xeral de Presidencia, así como a asociación promotora.

Na mesma data solicítanse informes aos seguintes órganos: Dirección Xeral de Orzamentos; Secretaría Xeral de Igualdade; e Consello Galego da Competencia.

5. Emiten informes favorables ao anteproxecto de Lei, a Consellería de Sanidade e a Consellería de Política Social, na súa condición de órganos da administración con competencia nas materias que constitúen o obxecto de profesión dos terapeutas ocupacionais.

6. Igualmente emite informe favorable a Dirección Xeral de Planificación e Orzamentos da Consellería de Facenda, ao non implicar custo económico para a administración da Comunidade Autónoma.

7. A Secretaría Xeral de Igualdade, ao amparo do disposto no Decreto Lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, propón as seguintes modificacións no texto normativo obxecto de aprobación, que foron incorporadas nos termos propostos.

a) Incorporar unha disposición adicional co seguinte teor:
"No contido dos estatutos aprobados ao abeiro desta Lei, terase en conta a perspectiva de xénero e a promoción da igualdade por razón de xénero na profesión de terapeuta ocupacional que, asi mesmo, será un principio informador de toda a actividade do colexio"

b) Incluir na disposición transitoria primeira, unha previsión sobre a composición equilibrada da Comisión Xestora, nos seguintes termos:


"3. Na composición da Comisión Xestora procurarase unha presenza equilibrada

de homes e mulleres"
Así mesmo e a proposta da antedita secretaria formalízanse diversas correccións coa fin de elaborar un texto normativo adaptado a unha linguaxe non sexista.

8. O Consello Galego da Competencia, analiza o texto do anteproxecto desde a perspectiva de impacto sobre a competencia, constatando que se trata dun colexio oficial de colexiación voluntaria, emite informe favorable sobre a tramitación do anteproxecto de Lei, por axustarse á legalidade vixente.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2016

A xefa do Servizo de Entidades Xurídicas e Corporativas



María Amadora Rodríguez Carreira